



PRESENTACIÓN DO LIBRO LA CONEXIÓN GALLEGA, DEL TABACO A LA COCAÍNA DE PERFECTO CONDE

VENRES, 22 DE FEBREIRO DE 2019

20:30 HORAS

CASA DA CULTURA DE VILALBA




O vindeiro 22 de febreiro de 2019, **Perfecto Conde** estará en Vilalba para presentar, nun acto organizado polo Instituto de Estudos Chairegos e Amigos de Prisciliano coa colaboración do Concello de Vilalba, a edición de 2018 do libro **LA CONEXIÓN GALLEGA, DEL TABACO A LA COCAÍNA**, un exemplo de xornalismo de investigación que creou escola nos profesionais galegos da información.

Estará acompañado neste acto por **Moncho Paz**, xornalista e presidente de *Amigos de Prisciliano*, e por **Marisa Barreiro**, presidenta do *Instituto de Estudos Chairegos*. A cita será na Casa da Cultura da capital chairega, a partir das 20:30 horas.

La conexión gallega, del tabaco a la cocaína, do xornalista **Perfecto Conde Muruais**, foi un libro verdadeiramente pioneiro. A súa primeira edición foi publicada a finais de 1991 e o seu contido inspirou investigacións e interpretacións posteriores que non sempre seguiron os parámetros do rigor minimamente esixibéis e que ás veces incluso rozaron os límites da

apropiación indebida e o do plaxio. Porén, o autor está moi satisfeito de que a súa obra servira para valorar e poñer ao día un fenómeno tan importante e controvertido como é o do narcotráfico galego, que na actualidade é obxecto de series de televisión e de todo tipo de exposicións mediáticas.



PERFECTO CONDE MURUAIS

Perfecto Conde naceu en Xinzo (A Pontenova, Lugo) o 13 de abril de 1943. Estudou Filosofía e Letras en Santiago e Xornalismo na Escola de Xornalismo da Igrexa de Madrid. Comezou o seu traballo de xornalista no desaparecido "Diario SP" de Madrid. Foi secretario de Redacción da revista "Chan", que dirixía o histórico Borobó, e traballou para TVE, a BBC, a Televisión Française 1, a Radiodifusión Portuguesa, os semanarios "Triunfo", "Cambio 16", "Gaceta Universitaria", "Teima", "Qué" e "Tiempo" e para os xornais "La Región", "El Progreso", "Avui" e "El Periódico de Cataluña". Dirixiu a primeira redacción da Gran Enciclopedia Gallega, editada por Silverio Cañada. Foi o primeiro correspondente do xornal "El País" en Galicia, ata 1982, delegado do Grupo Zeta en Galicia ata 1984, e redactor do semanario "Interviú", publicación na que exerceu os cargos de xefe de Investigación e redactor xefe de Sucesos ata 1995. De volta a Galicia, foi director da revista "Gam" e xefe de Comunicación do Concello de Ferrol. Rematou a súa carreira profesional como redactor do semanario "A Nosa Terra". É autor dos seguintes libros: "Galicia, realidad y conflicto social" (coautor, 1978), "Galicia infinda" (1994) e "La conexión gallega, del tabaco a la cocaína" (1991). Traduciu ao castelán o libro de Anne Marie Thiesse "La creación de las identidades nacionales" (2010) e "La isla de Rocamir" de Jean Ray (1972). (xerais.gal)